Presentación

A finais do mes de agosto de 2016, no 35th International Geological Congress, o grupo internacional de traballo Anthropocene Working Group (AWG) emitiu un informe provisional favorable a que o Antropoceno fose considerado unha nova época xeolóxica diferenciada do actual Holoceno, que comezou hai 11 700 anos. Aprobouse, así mesmo, que o sinal estratigráfico máis acaído fose o contido en plutonio dos solos como consecuencia das emisións das probas atómicas e que, polo tanto, o seu comezo debería situarse en 1950.

Segundo Paul Crutzen, que foi quen propuxo o nome no ano 2000, esta nova época representaría a etapa en que a actividade humana se converteu nun factor de primeira magnitude na modificación dos procesos xeolóxicos da terra.

Á marxe do interese científico e da controversia que suscitou esta decisión (centrada sobre todo na delimitación cronolóxica desta época), o certo é que 1950 coincide tamén cos inicios do que se denominou a «Grande Aceleración» (Steffen, IGBP 2004) en relación co consumo exponencial dos recursos terrestres pola humanidade, que pola súa vez ten a súa repercusión no cambio en determinados indicadores da saúde ambiental do Sistema Terra.

O cruzamento destas dúas nocións («Antropoceno» e «Grande Aceleración») amósanos, quizais como nunca se fixera ata agora, o carácter insostible destas relacións entre as actividades socioeconómicas da humanidade e as respostas do Sistema Terra. A ameaza de exceder determinados límites de sostibilidade nunca se veu como tan evidente e tan preto de nós.

Nos últimos anos, estes feitos veñen sendo motivo de importantes debates e reflexións tanto nos ámbitos académicos coma nos medios de comunicación e de opinión. Non obstante, desde a Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do

Consello da Cultura Galega, sempre atenta aos grandes debates sociais, estimamos que estaban a ter pouca repercusión en Galicia. Esta apreciación levounos a programar unha xornada de traballo celebrada en Santiago de Compostela, na sede do Consello da Cultura Galega o día 23 de novembro do ano 2017; as persoas interesadas poderán encontrar créditos, programa, documentos e audios das intervencións no enderezo http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200615. Poñemos agora a disposición pública, nesta publicación, o conxunto dos artigos, asinados por importantes expertos españois e galegos, sempre no ánimo de difundirmos fontes de coñecemento e proporcionarmos elementos sólidos para debates rigorosos.

Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Coordinador da xornada
Vicepresidente do Consello da Cultura Galega, 2002-2016